

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 14 Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural GDR 14 Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 14 Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
05/03/2025	06/07/2023	2023/1990353
	18/03/2025	2025/773763

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de





- procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).
8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
 9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
 10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 14 Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 14 Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos





proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrència, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 14 Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera



NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL - BAREMO

Para a axeitada xestión da estratexia establécense os mecanismos que garanten os seguintes principios:

- transparencia na xestión.
- publicidade vinculada á transparencia na xestión.
- obxectividade, imparcialidade e libre concorrancia.

Os procesos de toma de decisións por parte da Xunta Directiva da Asociación están regulados no artigo 19 dos seus estatutos. Neste senso, no proceso de toma de decisións cada membro da Xunta Directiva ostenta un voto, tendo o Presidente/a o voto de calidade. En ningún caso un membro poderá ter máis de dous votos. A delegación do voto nun membro da Xunta Directiva non implica a delegación de cargo na mesma. Os acordos da Xunta Directiva adoptaranse por maioría simple.

En canto aos procedementos de contratación a Asociación atópase sometida á Lei de Contratación do Sector Público (LCSP) na súa condición de poder adxudicador que non ten a condición de Administración Pública (PANAP), de conformidade co ámbito subxectivo de aplicación que establece o artigo 3 da LCSP, na medida en que o GDR14 é un ente asociativo sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, que habendo resultado seleccionado como Grupo de Acción Local, aplica varios programas, cofinanciados por administracións territoriais, en virtude de convenios de asignación de fondos europeos, e/ou públicos nacionais, xa sexan estatais, autonómicos ou locais, de tal xeito que maioritariamente financian a súa actividade total ou parcial en máis dun 50%, aínda que a súa representación nos órganos asociativos sexa inferior ao 50%. Por conseguinte, as contratacións rexeranse polo disposto no Regulamento Interno de Contratación do GDR14 e polo disposto na LCSP, na medida en que resulta de aplicación ás licitacións que este celebre na súa condición de PANAP, así como polo Regulamento Xeral 6 da Lei de Contratos, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto que o seu contido non se opoña á LCSP, así como pola restante lexislación que resulte de aplicación.

Na xestión da estratexia darase cumprimento da normativa legal aplicable vixente a nivel europeo, estatal e autonómico.



Os criterios para a selección e priorización dos proxectos están contemplados no baremo e nas regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública. É un procedemento non discriminatorio e transparente. En todo caso, os proxectos, para poder ser subvencionables, teñen que contar coa verificación favorable do ICE por parte de AGADER.

Con carácter xeral, as operacións subvencionables deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da estratexia de desenvolvemento local do GDR.
- b) Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os non produtivos.
- c) Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto e ás bases reguladoras das subvencións que se diten para o efecto.
- d) Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido dos equipos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible e que vincule xuridicamente ao solicitante, se esta data é anterior. Con todo, a compra de terreos e os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade, non terán a consideración de inicio dos traballos.
- e) Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos. Non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.

Os rangos de puntuación e as variables ou aspectos concretos considerados no baremo en cada criterio de selección se determinan de xeito totalmente obxectivo, de modo que os potenciais beneficiarios teñen pleno coñecemento do que se vai ter en conta para avaliar o seu proxecto.

Establécense dous baremos diferentes, un para actuacións de natureza produtiva e outro para actuacións de natureza non produtiva.



L.1. Baremo para proxectos produtivos:

Para as actuacións de natureza produtiva establécese un baremo calculado sobre 100 puntos, coa seguinte distribución:

- a) 25 puntos como máximo para valorar criterios ligados á ubicación xeográfica do proxecto.
- b) 10 puntos como máximo para valorar a forma xurídica da entidade promotora do proxecto.
- c) 30 puntos como máximo para valorar criterios na incidencia no emprego do proxecto.
- d) 10 puntos como máximo para valorar criterios medio ambientais do proxecto.
- e) 25 puntos como máximo para valorar criterios relacionados coa capacidade de arrastre do proxecto

Para os criterios de ubicación xeográfica empregáronse os índices con maior representatividade no territorio do GDR-14.

Neste sentido, o primeiro dos indicadores é o de densidade de poboación, que nos permite entender a distribución e concentración da poboación nun territorio. Este indicador proporciona unha media cuantitativa da cantidade de persoas que viven nun quilometro cadrado, o que permite avaliar a presión demográfica identificando e diferenciando os asentamentos de carácter máis ou menos urbanos.

O seguinte indicador empregado nesta baremación é o índice de avellentamento. Este dato permítenos coñecer a proporción de persoas maiores que hai nun territorio e así mesmo entender o risco de despoboación e os desafíos socioeconómicos que presentan cada un dos territorios.

A taxa de desemprego é o seguinte índice a ter en conta. Esta taxa proporciona información sobre a situación económica e laboral da área xeográfica do GDR. Este dato permítenos coñecer as zonas con altos niveis de desocupación e comprender os desafíos económicos e sociais dos distintos territorios. Permítenos tamén atopar e comprender os desequilibrios territoriais que se dan neste ámbito e planificar e ponderar en consonancia coas necesidades de cada concello neste senso.



A renda dispoñible bruta por habitante é o factor económico empregado para a baremación. Este índice aporta información sobre a capacidade adquisitiva da poboación dos diferentes concellos, dándonos datos sobre as desigualdades que se dan no territorio e permitíndonos fomentar e mellorar a calidade do emprego nas zonas con menores rendas. Este dato permite puntuar a partir dunha visión completa da situación económica e social do territorio para promover o desenvolvemento equitativo.

Por último o dato da evolución da poboación nos últimos dez anos permítenos coñecer os cambios demográficos neste período de tempo. Así podemos comprender as tendencias de crecemento e as dinámicas e patróns de asentamento para, a continuación, establecer o criterio de baremación que permitirá axustar as axudas aos lugares cun decrecemento máis pronunciado e, polo tanto, cun maior risco de despoboación.

CRITERIOS DE UBICACIÓN XEOGRÁFICA					
Densidade de poboación 2022 (5 puntos)	Índice de avellentamento 2022 (5 puntos)	Taxa de desemprego 2022 (5 puntos)	Renda dispoñible bruta por habitante 2020 (5 puntos)	Evolución da poboación 2012-2022 (5 puntos)	
Inferior a 100 hab/km2 = 5 puntos	De 200 e mais = 5 puntos	Do 12 % e mais = 5 puntos	Inferior a 12.000 € = 5 puntos	Inferior ao 90 % = 5 puntos	
De 100 a 149 hab/km2 = 4 puntos	De 175 a 199 = 4 puntos	Entre 11 % e 11,99 % = 4 puntos	De 12.000 a 13.999 € = 4 puntos	Do 90 ao 95 % = 4 puntos	
De 150 a 199 hab/km2 = 3 puntos	De 150 a 174 = 3 puntos	Entre 10 % e 10,99 % = 3 puntos	De 14.000 a 15.999 € = 3 puntos	Do 96 ao 100 % = 3 puntos	
De 200 a 299 hab/km2 = 2 puntos	De 125 a 149 = 2 puntos	Entre 9 % e 9,99 % = 2 puntos	De 16.000 a 17.999 € = 2 puntos	Do 101 ao 104 % = 2 puntos	
De 300 e mais hab/km2 = 1 punto	Inferior a 125 = 1 punto	Inferior ao 9 % = 1 punto	De 18.000 € e máis = 1 punto	Do 105 % e máis = 1 punto	

Como criterios ligados á ubicación xeográfica do proxecto se valoran as variables socioeconómicas mais relevantes, recollidas na parte da candidatura correspondente ao diagnóstico do territorio.

Concello	Densidade de poboación 2022 (5 puntos)	Índice de avellentamento 2022 (5 puntos)	Taxa de desemprego 2022 (5 puntos)	Renda dispoñible bruta por habitante 2020 (5 puntos)	Evolución da poboación 2012-2022 (5 puntos)
Baiona	361,8	143,30	8,76 %	17.148 €	102 %
Fornelos de Montes	21,9	285,69	14,29 %	11.924 €	85 %
Gondomar	197,5	103,28	8,60 %	15.942 €	107 %
Guarda, A	488,7	146,06	9,21 %	13.274 €	96 %
Mos	277,3	115,16	8,38 %	14.359 €	100 %
Nigrán	516,8	137,53	8,62 %	19.535 €	101 %
Oia	39,2	197,02	8,28 %	12.672 €	99 %
Pazos de Borbén	61,9	186,08	8,61 %	12.333 €	95 %
Porriño, O	310,2	94,24	11,78 %	14.899 €	110 %
Redondela	549,7	144,47	10,10 %	15.416 €	97 %
Rosal, O	152,0	157,73	7,82 %	12.892 €	98 %
Tomiño	134,5	140,86	8,94 %	12.987 €	100 %
Tui	255,4	113,95	8,72 %	13.361 €	101 %

As puntuacións obtidas por cada concello que forma parte do GDR14 son as seguintes:

Concello	Densidade de poboación 2022 (5 puntos)	Índice de avellentamento 2022 (5 puntos)	Taxa de desemprego 2022 (5 puntos)	Renda dispoñible bruta por habitante 2020 (5 puntos)	Evolución da poboación 2012-2022 (5 puntos)	TOTAL
Baiona	1	2	1	2	2	8
Fornelos de Montes	5	5	5	5	5	25
Gondomar	3	1	1	3	1	9
Guarda, A	1	2	2	4	3	12
Mos	2	1	1	3	3	10
Nigrán	1	2	1	1	2	7
Oia	5	4	1	4	3	17
Pazos de Borbén	5	4	1	4	4	18
Porriño, O	1	1	4	3	1	10
Redondela	1	2	3	3	3	12
Rosal, O	3	3	1	4	3	14
Tomiño	4	2	1	4	3	14
Tui	2	1	1	4	2	10



As seguintes entidades singulares de poboación quedan excluídas do ámbito por non ser elixibles ao superar o límite de 6.000 habitantes: serán as cabeceiras dos concellos de O Porriño, Redondela, Tui e A Guarda.

Como criterio que caracteriza a figura da persoa promotora do proxecto, valorase o seu perfil, premiándose á súa natureza social coa máxima puntuación (entidade pública, entidade sen animo de lucro, comunidade de montes ou entidade de economía social). Tamén se puntúa a figura da persoa empresaria autónoma e as sociedades capitalistas formadas por tres ou menos persoas. As sociedades limitadas ou anónimas formadas por catro ou mais persoas non obteñen puntos polo feito de ser entidades capitalistas que non apostan pola alternativa da economía social (cooperativa ou sociedade laboral). Os centros especiais de emprego dependentes de entidades sen animo de lucro aínda que son sociedades limitadas se consideran entidades de economía social.

CRITERIO SEGUNDO FORMA XURÍDICA DA ENTIDADE PROMOTORA (10 puntos)	
Forma xurídica	Entidade sen animo de lucro, comunidade de montes ou entidade de economía social (cooperativa, sociedade laboral, centro especial emprego, etc.) = 10 puntos
	Persoa autónoma (persoa empresaria individual) e asociacións de persoas empresarias e/ou comerciantes = 5 puntos
	Sociedade Mercantil (S.L. ou S.A.) formada por 3 ou menos persoas = 3 puntos
Os proxectos presentados na categoría de Bono Activa Rural obteñen neste apartado a puntuación máxima de 10 puntos.	

Como criterios que valoran a incidencia do proxecto no emprego, se puntúa unicamente a creación de novos postos de traballo (por conta allea ou propia), premiando a creación de emprego destinado a persoas pertencentes a grupos desfavorecidos. Ademais se valora a relación entre o emprego creado e o investimento subvencionable do proxecto, de modo que as iniciativas que crean mais postos de traballo cun investimento mais reducido obteñen unha maior puntuación, e ao contrario, se un proxecto necesita dun gran investimento pero crea pouco emprego puntúa menos (tratase de favorecer o factor traballo sobre o factor capital).

CRITERIOS INCIDENCIA DE EMPREGO (30 puntos)		
Creación neta de emprego (20 puntos)	5 puntos por cada UTA creada (máximo 10 puntos)	5 puntos adicionais por cada UTA creada a favor de grupos desfavorecidos (máximo 10 puntos)
	Unha UTA (unidade de traballo ano) equivale ao traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano (traballo formalizado a xornada completa durante todo o ano). En caso contrario, procede calcular o prorrateo correspondente. No caso dun autónomo, considerase a xornada completa durante todo o ano.	

	Considéranse grupos desfavorecidos os seguintes: - Mulleres. - Persoas menores de 41 anos. - Persoas con discapacidade cun grao de discapacidade legalmente declarado (mínimo 33%). - Persoas desempregadas (rexistradas no Servizo Público de Emprego) de longa duración (12 meses) ou que non teñan cotizado igual ou máis de 90 días no último ano que a efectos de cálculo son os 365 días previos á data de contratación do novo emprego creado. - Persoas de 55 anos ou máis de 55 anos. - Persoas vítimas de violencia de xénero. - Persoas inmigrantes ou de minorías étnicas en risco de exclusión social. As puntuacións neste apartado son acumulativas, ou sexa, tratándose dun emprego creado a favor dunha persoa pertencente a un grupo desfavorecido, a puntuación obtida como tal agregase á puntuación obtida como creación de emprego ordinario. Os proxectos presentados na categoría de Bono Activa Rural obteñen neste apartado a puntuación máxima de 20 puntos.
Relación entre o emprego creado e o investimento elixible do proxecto (10 puntos)	A puntuación acadada derívase da seguinte fórmula matemática: $X=Y/(Z/100.000)$, sendo X = Relación Emprego Creado Investimento Elixible, Y = Emprego Creado e Z = Investimento Elixible. De modo que: - se X e menor que 1 a puntuación é 0. - se X e igual ou maior que 1 e menor que 2 a puntuación é 1. - se X e igual ou maior que 2 e menor que 3 a puntuación é 2. - se X e igual ou maior que 3 e menor que 4 a puntuación é 3. - se X e igual ou maior que 4 e menor que 5 a puntuación é 4. - se X e igual ou maior que 5 e menor que 6 a puntuación é 5. - se X e igual ou maior que 6 e menor que 7 a puntuación é 6. - se X e igual ou maior que 7 e menor que 8 a puntuación é 7. - se X e igual ou maior que 8 e menor que 9 a puntuación é 8. - se X e igual ou maior que 9 e menor que 10 a puntuación é 9. - se X e igual ou maior que 10 a puntuación é 10. Entendese por emprego creado aquel que está formalizado a xornada completa durante todo o ano. En caso contrario, procede calcular o prorrateo correspondente. No caso dun autónomo, considerase a xornada completa durante todo o ano. Os proxectos presentados na categoría de Bono Activa Rural obteñen neste apartado 5 puntos.

Como criterios que valoran a sostibilidade ambiental do proxecto, trátase de puntuar os impactos positivos sobre o medio ambiente, premiando a xeración de externalidades positivas.

CRITERIOS DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL (10 puntos)
Proxectos que conlevaran o emprego de enerxías renovables (requisito mínimo do 10% do investimento elixible e finalmente xustificado e certificado) = 4 puntos
Proxectos que conlevaran técnicas eficientes de baixo consumo enerxético (requisito mínimo do 10% do investimento elixible e finalmente xustificado e certificado) = 4 puntos
Mellora da calidade medio ambiental a través da posta en marcha de proxectos de economía circular e de posta en valor de recursos naturais endóxeos e/ou recuperación de paisaxes ou elementos tradicionais degradados da zona (os recursos, paisaxes e/ou elementos teñen que estar catalogados) = 4 puntos
Contribución á prevención de lumes forestais (todas aquelas postas en valor do monte veciñal en man común, sexan de carácter produtivo, social, cultural ou medio ambiental, e independentemente de quen sexa o promotor, acadarán a puntuación correspondente no apartado de contribución á prevención de lumes forestais) = 2 puntos
Mellora do medio ambiente a través de medidas de sensibilización, educación ou formación = 2 puntos

Como criterios que valoran a capacidade de arrastre do proxecto, se puntúan aqueles proxectos que promoven a prestación de servizos básicos (premiando polo seu carácter prioritario os servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural que facilitan e fomentan a autonomía persoal no rural) e os proxectos que axudan á conservación e posta en valor do patrimonio rural (tanto natural como cultural) e ao desenvolvemento e renovación dos pequenos núcleos de poboación rural. Tamén se valoran aqueles proxectos que dinamizan o sector agrogandeiro e forestal. Ademais se premian os proxectos que maioritariamente van a facturar con empresas locais os investimentos proxectados e van a xerar emprego contratando persoas residentes no territorio do GDR14.

CRITERIOS CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO (25 puntos) (As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas)
Servizos básicos para a economía e a poboación rural (garderías, centros de día, residencias, centros e servizos para persoas con risco de exclusión social, bibliotecas, centros culturais, locais sociais, espazos culturais, servizos vinculados á saúde, ao lecer, ao deporte e á cultura) = 5 puntos
Conservación e/ou mellora de patrimonio rural catalogado = 5 puntos
Dinamización do sector agrogandeiro e forestal (sector primario) = 10 puntos
Proxectos que traballan en relación con outras empresas do territorio do GDR14 (na fase de execución hai que facturar polo menos o 50% do orzamento elixible e finalmente xustificado e certificado do proxecto con empresas que teñan a súa sede social localizada nos trece concellos que forman parte do GDR14) = 5 puntos
Proxectos creadores de emprego nos que se fagan novas contratacións de persoal residente no territorio do GDR14 (con respecto ao emprego novo creado hai que contratar polo menos un 50% do mesmo con persoas que acrediten a súa residencia habitual localizada nos trece concellos que forman parte do GDR14 -mediante certificado municipal de empadramento que acredite polo menos un ano de antigüidade na residencia habitual acreditada-) = 5 puntos

Servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural (incluída a xeración e consolidación de emprego de persoas en risco de exclusión social como é caso das persoas con discapacidade que acceden ao mercado laboral a través dos centros especiais de emprego dependentes de asociacións e fundacións) promocionando e facilitando a autonomía persoal no rural (persoas en risco de exclusión social, persoas maiores, que son aquelas que teñen 65 anos ou máis de 65 anos, e persoas menores que son aquelas que teñen 12 anos ou menos de 12 anos) = 15 puntos

Os proxectos presentados na categoría de Bono Activa Rural obteñen neste apartado a puntuación máxima de 25 puntos.

Para o acceso ao Bono Activa Rural aplícase como criterio excluínente a obrigatoriedade de empadramento ou compromiso do mesmo no Concello no que se desenvolva a actividade.

Un promotor que presente a súa solicitude de axuda como un expediente de natureza produtiva aollida ao Bono Activa Rural non poderá presentar ata a seguinte convocatoria de axudas LEADER unha solicitude de axuda para un expediente de investimentos de natureza produtiva (as outras tipoloxías de natureza produtiva).



L.2. Baremo para proxectos non produtivos

Para as actuacións de natureza non produtiva se establece un baremo calculado sobre 100 puntos, coa seguinte distribución:

- a) 25 puntos como máximo para valorar criterios ligados á ubicación xeográfica do proxecto.
- b) 5 puntos como máximo para valorar o criterio de perfil do/a promotor/a.
- c) 30 puntos como máximo para valorar criterios relacionados co impacto do proxecto no territorio e sobre a súa poboación.
- d) 10 puntos como máximo para valorar criterios medio ambientais do proxecto.
- e) 30 puntos como máximo para valorar criterios relacionados coa capacidade de arrastre do proxecto.

Para os criterios de ubicación xeográfica empregáronse os índices con maior representatividade no territorio do GDR-14.

Neste sentido, o primeiro dos indicadores é o de densidade de poboación, que nos permite entender a distribución e concentración da poboación nun territorio. Este indicador proporciona unha media cuantitativa da cantidade de persoas que viven nun quilometro cadrados permite avaliar a presión demográfica identificando e diferenciando os asentamentos de carácter máis ou menos urbanos.

O seguinte indicador empregado nesta baremación é o índice de avellentamento. Este dato permítenos coñecer a proporción de persoas maiores que hai nun territorio e, desta maneira entender o risco de despoboación e os desafíos socioeconómicos que se presentan en cada un dos territorios.

A taxa de desemprego é o seguinte índice a ter en conta. Esta taxa proporciona información sobre a situación económica e laboral da área xeográfica do GDR. Este dato permítenos coñecer as zonas con altos niveis de desocupación e comprender os desafíos económicos e sociais dos distintos territorios. Permítenos tamén atopar e comprender os desequilibrios territoriais que se dan neste ámbito e planificar e ponderar en consonancia coas necesidades de cada concello neste senso.



A renda dispoñible bruta por habitante é o factor económico empregado para a baremación. Este índice aporta información sobre a capacidade adquisitiva da poboación dos diferentes concellos, dándonos datos sobre as desigualdades que se dan no territorio e permitíndonos fomentar e mellorar a calidade de emprego nas zonas con menores rendas. Este dato permite puntuar a partir dunha visión completa da situación económica e social do territorio para promover o desenvolvemento equitativo.

Por último o dato da evolución da poboación nos últimos dez anos permítenos coñecer os cambios demográficos neste período de tempo para así poder comprender as tendencias de crecemento e as dinámicas e patróns de asentamento para, a continuación establecer o criterio de baremación que permitirá axustar as axudas aos lugares cun decrecemento máis pronunciado e, polo tanto, cun maior risco de despoboación.

CRITERIOS DE UBICACIÓN XEOGRÁFICA					
Densidade de poboación 2022 (5 puntos)	Índice de avellentamento 2022 (5 puntos)	Taxa de desemprego 2022 (5 puntos)	Renda dispoñible bruta por habitante 2020 (5 puntos)	Evolución da poboación 2012-2022 (5 puntos)	
Inferior a 100 hab/km2 = 5 puntos	De 200 e mais = 5 puntos	Do 12 % e mais = 5 puntos	Inferior a 12.000 € = 5 puntos	Inferior ao 90 % = 5 puntos	
De 100 a 149 hab/km2 = 4 puntos	De 175 a 199 = 4 puntos	Entre 11 % e 11,99 % = 4 puntos	De 12.000 a 13.999 € = 4 puntos	Do 90 ao 95 % = 4 puntos	
De 150 a 199 hab/km2 = 3 puntos	De 150 a 174 = 3 puntos	Entre 10 % e 10,99 % = 3 puntos	De 14.000 a 15.999 € = 3 puntos	Do 96 ao 100 % = 3 puntos	
De 200 a 299 hab/km2 = 2 puntos	De 125 a 149 = 2 puntos	Entre 9 % e 9,99 % = 2 puntos	De 16.000 a 17.999 € = 2 puntos	Do 101 ao 104 % = 2 puntos	
De 300 e mais hab/km2 = 1 punto	Inferior a 125 = 1 punto	Inferior ao 9 % = 1 punto	De 18.000 € e máis = 1 punto	Do 105 % e máis = 1 punto	

No caso de que o ámbito de actuación territorial dun proxecto non produtivo comprenda dous ou mais concellos, a puntuación obtida polo mesmo no apartado de criterios de ubicación xeográfica vai ser a media aritmética da puntuación dos concellos implicados.

Como criterios ligados á ubicación xeográfica do proxecto se valoran as variables socioeconómicas mais relevantes, recollidas na parte da candidatura correspondente ao diagnóstico do territorio.

Concello	Densidade de poboación 2022 (5 puntos)	Índice de avellentamento 2022 (5 puntos)	Taxa de desemprego 2022 (5 puntos)	Renda dispoñible bruta por habitante 2020 (5 puntos)	Evolución da poboación 2012-2022 (5 puntos)
Baiona	361,8	143,30	8,76 %	17.148 €	102 %
Fornelos de Montes	21,9	285,69	14,29 %	11.924 €	85 %
Gondomar	197,5	103,28	8,60 %	15.942 €	107 %
Guarda, A	488,7	146,06	9,21 %	13.274 €	96 %
Mos	277,3	115,16	8,38 %	14.359 €	100 %
Nigrán	516,8	137,53	8,62 %	19.535 €	101 %
Oia	39,2	197,02	8,28 %	12.672 €	99 %
Pazos de Borbén	61,9	186,08	8,61 %	12.333 €	95 %
Porriño, O	310,2	94,24	11,78 %	14.899 €	110 %
Redondela	549,7	144,47	10,10 %	15.416 €	97 %
Rosal, O	152,0	157,73	7,82 %	12.892 €	98 %
Tomiño	134,5	140,86	8,94 %	12.987 €	100 %
Tui	255,4	113,95	8,72 %	13.361 €	101 %

As puntuacións obtidas por cada concello que forma parte do GDR14 son as seguintes:

Concello	Densidade de poboación 2022 (5 puntos)	Índice de avellentamento 2022 (5 puntos)	Taxa de desemprego 2022 (5 puntos)	Renda dispoñible bruta por habitante 2020 (5 puntos)	Evolución da poboación 2012-2022 (5 puntos)	TOTAL
Baiona	1	2	1	2	2	8
Fornelos de Montes	5	5	5	5	5	25
Gondomar	3	1	1	3	1	9
Guarda, A	1	2	2	4	3	12
Mos	2	1	1	3	3	10
Nigrán	1	2	1	1	2	7
Oia	5	4	1	4	3	17
Pazos de Borbén	5	4	1	4	4	18
Porriño, O	1	1	4	3	1	10
Redondela	1	2	3	3	3	12
Rosal, O	3	3	1	4	3	14
Tomiño	4	2	1	4	3	14
Tui	2	1	1	4	2	10



As seguintes entidades singulares de poboación quedan excluídas do ámbito por non ser elixibles ao superar o límite de 6.000 habitantes: serán as cabeceiras dos concellos de O Porriño, Redondela, Tui e A Guarda.

Como criterio que caracteriza a figura xurídica da entidade promotora do proxecto, premiándose ás entidades sen ánimo de lucro e ás agrupacións doutro tipo de entidades coa máxima puntuación. Tamén reciben puntuación as comunidades de montes e as entidades públicas locais.

CRITERIO SEGUNDO FORMA XURÍDICA DA ENTIDADE PROMOTORA (5 puntos)	
Forma xurídica	Entidade sen ánimo de lucro e agrupación doutro tipo de entidades (mancomunidade de entidades locais, mancomunidade de montes, federación e agrupación de entidades) = 5 puntos
	Comunidade de montes ou entidade pública = 3 puntos

Como criterios que valoran o impacto do proxecto sobre o territorio e sobre a poboación rural, se puntúa o favorecemento a través da actuación de certos grupos determinados como prioritarios dende o punto de vista social, se puntúa a creación de novos postos de traballo (por conta allea ou propia) premiando a creación de emprego destinado a persoas pertencentes a grupos desfavorecidos e tamén se puntúa o ámbito supraparroquial e supramunicipal do proxecto.

CRITERIOS SEGUNDO IMPACTO TERRITORIO E POBOACIÓN RURAL (30 puntos)		
Beneficio do proxecto para grupos de poboación determinados (10 puntos)	Mulleres = 5 puntos	
	Persoas menores de 41 anos = 5 puntos	
	Persoas con discapacidade = 5 puntos	
	Colectivos con especiais dificultades para a inserción (víctimas de violencia de xénero, persoas emigrantes retornadas, persoas inmigrantes ou de minorías étnicas en risco de exclusión social) = 5 puntos	
	As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas ata un máximo de 10 puntos	
Creación neta de emprego (20 puntos)	5 puntos por cada UTA creada (máximo 10 puntos)	5 puntos adicionais por cada UTA creada a favor de grupos desfavorecidos (máximo 10 puntos)
	Unha UTA (unidade de traballo ano) equivale ao traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano (traballo formalizado a xornada completa durante todo o ano). En caso contrario, procede calcular o prorrateo correspondente. No caso dun autónomo, considerase a xornada completa durante todo o ano.	

	Considéranse grupos desfavorecidos os seguintes: - Mulleres. - Persoas menores de 41 anos. - Persoas con discapacidade cun grao de discapacidade legalmente declarado (mínimo 33%). - Persoas desempregadas (rexistradas no Servizo Público de Emprego) de longa duración (12 meses) ou que non teñan cotizado igual ou máis de 90 días no último ano que a efectos de cálculo son os 365 días previos á data de contratación do novo emprego creado. - Persoas de 55 anos ou máis de 55 anos. - Persoas vítimas de violencia de xénero. - Persoas inmigrantes ou de minorías étnicas en risco de exclusión social. As puntuacións neste apartado son acumulativas, ou sexa, tratándose dun emprego creado a favor dunha persoa pertencente a un grupo desfavorecido, a puntuación obtida como tal agregase á puntuación obtida como creación de emprego ordinario.
--	---

Como criterios de sostibilidade ambiental do proxecto, tratase de puntuar os impactos positivos sobre o medio ambiente, premiando a xeración de externalidades positivas.

CRITERIOS DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL (10 puntos)
Proxectos que conlevan o emprego de enerxías renovables (requisito mínimo do 10% do investimento elixible e finalmente xustificado e certificado) = 4 puntos
Proxectos que conlevan técnicas eficientes de baixo consumo enerxético (requisito mínimo do 10% do investimento elixible e finalmente xustificado e certificado) = 4 puntos
Mellora da calidade medio ambiental a través da posta en marcha de proxectos de economía circular e de posta en valor de recursos naturais endóxeos e/ou recuperación de paisaxes ou elementos tradicionais degradados da zona (os recursos, paisaxes e/ou elementos teñen que estar catalogados) = 4 puntos
Contribución á prevención de lumes forestais (todas aquelas postas en valor do monte veciñal en man común, sexan de carácter produtivo, social, cultural ou medio ambiental, e independentemente de quen sexa o promotor, acadarán a puntuación correspondente no apartado de contribución á prevención de lumes forestais) = 2 puntos
Mellora do medio ambiente a través de medidas de sensibilización, educación ou formación = 2 puntos

Como criterios que valoran a capacidade de arrastre do proxecto, se puntúan aqueles proxectos que promoven a prestación de servizos básicos (premiando polo seu carácter prioritario os servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural que facilitan e fomentan a autonomía persoal no rural) e os proxectos que axudan á conservación e posta en valor do patrimonio rural (tanto natural como cultural) e ao desenvolvemento e renovación dos pequenos núcleos de poboación rural. As actuacións que pola súa tipoloxía melloran o contorno rural dende o punto de vista medio ambiental se valoran positivamente (independentemente da súa valoración a través dos criterios específicos de impacto medio ambiental). Tamén puntúan os proxectos que dinamizan o sector agrogandeiro e forestal.

Ademais se premian os proxectos que mobilizan como “inputs” recursos do territorio (que maioritariamente van a facturar con empresas locais os investimentos proxectados).

CRITERIOS CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO (30 puntos) (As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas)	
Servizos básicos para a economía e a poboación rural (garderías, centros de día, residencias, centros e servizos para persoas con risco de exclusión social, bibliotecas, centros culturais, locais sociais, espazos culturais, servizos vinculados á saúde, ao lecer, ao deporte e á cultura) = 5 puntos	
Conservación e/ou mellora de patrimonio rural catalogado = 10 puntos	
Dinamización do sector agrogandeiro e forestal (sector primario) = 10 puntos	
Proxectos que traballan en relación con outras empresas do territorio do GDR14 (na fase de execución hai que facturar polo menos o 50% do orzamento elixible e finalmente xustificando e certificado do proxecto con empresas que teñan a súa sede social localizada nos trece concellos que forman parte do GDR14) = 5 puntos	
Servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural promocionando e facilitando a autonomía persoal no rural das persoas en risco de exclusión social, persoas maiores, que son aquelas que teñen 65 anos ou máis de 65 anos, e persoas menores, que son aquelas que teñen 12 anos ou menos de 12 anos = 15 puntos.	
Ámbito de actuación (5 puntos)	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse nunha parroquia dun so concello =1 punto (todos aqueles proxectos non produtivos que presenten as comunidades de montes, que sexan de carácter medio ambiental, social ou cultural, terán como beneficiarios do seu ámbito de actuación a todo o concello no que se radiquen e non soamente á parroquia)
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en varias parroquias dun mesmo concello = 2 puntos
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en dous concellos = 3 puntos
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en tres concellos = 4 puntos
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en catro concellos ou mais = 5 puntos

L.3. Cálculo da axuda

O importe da subvención calcúlase coma unha porcentaxe sobre o investimento considerado elixible do proxecto. A porcentaxe de subvención estimarase a partir da puntuación obtida polo proxecto, cos criterios e baremos de selección anteriormente expostos, segundo a táboa que a continuación se presenta.

CÁLCULO DA AXUDA	Proxectos produtivos	Proxectos non produtivos		
		Prioridade baixa	Prioridade media	Prioridade alta
Menos de 25 puntos	Non subvencionable			
25 ou máis puntos e menos de 55 puntos	Axuda mínima do 20% máis 1% por punto (ou parte proporcional) obtido a partir de 25 puntos	Axuda mínima do 35% máis 0,5% por punto (ou parte proporcional) obtido a partir de 25 puntos.	Axuda mínima do 40% máis 1% por punto (ou parte proporcional) obtido a partir de 25 puntos.	Axuda mínima do 60% máis 1% por punto (ou parte proporcional) obtido a partir de 25 puntos.
55 ou máis puntos	Axuda do 50%*	Axuda do 50%	Axuda do 70%	Axuda do 90%

* Dentro dos proxectos produtivos poderase optar a un máximo do 50% excepto no caso de que a tipoloxía á que corresponda o proxecto segunda a normativa aplicable se especifique unha porcentaxe máxima menor.

O importe de axuda no caso de expedientes de natureza produtiva acollidos ao Bono Activa Rural é de 5.000 € por promotor (independentemente da puntuación obtida).

Os límites de axuda pública máxima en función dos diferentes tipos de proxectos están dentro dos límites máximos que se indican nas bases reguladoras e na normativa de axudas de estado. Definida a nota de corte ou puntuación mínima que ten que acadar un proxecto para poder ser subvencionado (25 puntos) e a nota á cal se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (55 puntos), as porcentaxes de axuda (establecidas entre un mínimo e un máximo) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais e tendo en conta que a porcentaxe de axuda mínima que poderán percibir os proxectos sitúase no 15% para os proxectos de natureza produtiva (no caso do GDR14 é superior ao 15% xa que se eleva ao 20%) e no 30% para os proxectos de natureza non produtiva (no caso do GDR14 é superior ao 30% xa que se eleva ao 35% para os proxectos de prioridade baixa, ao 40% para os proxectos de prioridade media e ao 60% para os proxectos de prioridade alta).

Dentro dos proxectos non produtivos de prioridade alta atópanse:

- O fomento da inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación;
- A integración de comunidades marxinais e de inmigrantes;
- O coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas;
- A promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas;
- As inversións ligadas a aldeas intelixentes (*smart villages*) e proxectos que se executen en aldeas modelo ou en desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei de recuperación de terras agrarias de Galicia.
- A mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) así como o seu uso no medio rural (por exemplo a través de telecentros, aulas de informática ou plataformas dixitais de servizos á poboación xeral).

Como proxectos non produtivos de prioridade media se poden subvencionar:

- As actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural (incluídos os centros sociais e culturais).
- As infraestruturas deportivas ou de lecer (ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio).
- As actuacións nos montes veciñais (que non sexan proxectos de prioridade máxima ou alta).

Consideramos proxectos non produtivos de prioridade baixa (intensidade de axuda ata o 50%) todos os proxectos non recollidos nos dous puntos anteriores que poidan ser elixibles e teñan a natureza de non produtivos.

A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos non produtivos non superará o 90%, salvo no caso dos proxectos promovidos directamente polos GDR, que poderán alcanzar o 100% de axuda.

O importe da axuda máxima no caso dos investimentos de natureza non produtiva estará limitado a un máximo de 200.000 € por proxecto.

O importe de axuda máxima no caso de expedientes de natureza produtiva acollidos ao Bono Activa Rural é de 5.000 € por proxecto.

O importe da axuda máxima no caso de investimentos de natureza produtiva (as outras tipoloxías de natureza produtiva) estará limitado a un máximo de 200.000 € por proxecto.

Tanto o bono activa rural como a axuda á inversión de proxectos produtivos están acollidos a *minimis*, limitando a axuda máxima total a 300.000 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais. Os que non deban ampararse no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *minimis*. A porcentaxe de axuda máxima para os proxectos produtivos ascenderá ao 50%.

Por outro lado, dentro das operacións de apoio a terceiras persoas (que supoñen o 69% do total da estratexia) os proxectos non produtivos terán un 35%, destinando o 25% a institucións de carácter privado (entidades sen ánimo de lucro, comunidades de montes, etc.) e o 10% a entidades públicas locais (concellos, mancomunidades de concellos e entidades locais menores).

Todos os compromisos adquiridos polos promotores dos proxectos teñen que ser cumpridos no momento da certificación final do expediente de axuda, xa que en caso contrario perderíase a condición de beneficiario da subvención concedida.



L.4. Sistema de desempate na baremación de proxectos

En caso de existir un empate na baremación de dous ou mais proxectos, se procederá do seguinte modo para poder priorizar (en base aos fondos públicos dispoñibles para conceder subvencións) os expedientes de axuda con igual puntuación obtida no baremo.

Para as actuacións de natureza produtiva se establece o seguinte sistema de desempate:

- 1) Puntuación obtida na valoración dos criterios na incidencia no emprego do proxecto. Ou sexa, en caso de empate no baremo total se desempata en base á puntuación obtida na incidencia sobre o emprego (priorización en base á maior puntuación).
- 2) Puntuación obtida na valoración dos criterios relacionados coa capacidade de arrastre do proxecto. Ou sexa, de persistir o empate despois de intentar desempatar a través da puntuación obtida na valoración dos criterios na incidencia no emprego do proxecto, se desempata en base á puntuación obtida na capacidade de arrastre (priorización en base á maior puntuación).
- 3) Puntuación obtida na valoración dos criterios medio ambientais do proxecto. Ou sexa, de persistir o empate despois de intentar desempatar a través da puntuación obtida na valoración dos criterios relacionados coa capacidade de arrastre do proxecto, se desempata en base á puntuación obtida a nivel medio ambiental (priorización en base á maior puntuación).
- 4) Puntuación obtida na valoración do criterio de perfil do/a promotor/a. Ou sexa, de persistir o empate despois de intentar desempatar a través da puntuación obtida na valoración dos criterios medio ambientais do proxecto, se desempata en base á puntuación obtida no perfil do/a promotor/a (priorización en base á maior puntuación).
- 5) De persistir o empate, se procedería a discriminar en base ao rexistro de entrada da solicitude de axuda (as presentadas con anterioridade atendendo á data e ao número asignado prevalecerían sobre as rexistradas con posterioridade).



Para as actuacións de natureza non produtiva se establece o seguinte sistema de desempate:

- 1) Puntuación obtida na valoración dos criterios relacionados co impacto do proxecto no territorio e sobre a súa poboación. Ou sexa, en caso de empate no baremo total se desempata en base á puntuación obtida no impacto sobre o territorio e a súa poboación (priorización en base á maior puntuación).
- 2) Puntuación obtida na valoración dos criterios relacionados coa capacidade de arrastre do proxecto. Ou sexa, de persistir o empate despois de intentar desempatar a través da puntuación obtida na valoración dos criterios relacionados co impacto do proxecto no territorio e sobre a súa poboación, se desempata en base á puntuación obtida na capacidade de arrastre (priorización en base á maior puntuación).
- 3) Puntuación obtida na valoración dos criterios medio ambientais do proxecto. Ou sexa, de persistir o empate despois de intentar desempatar a través da puntuación obtida na valoración dos criterios relacionados coa capacidade de arrastre do proxecto, se desempata en base á puntuación obtida a nivel medio ambiental (priorización en base á maior puntuación).
- 4) Puntuación obtida na valoración do criterio de perfil do/a promotor/a. Ou sexa, de persistir o empate despois de intentar desempatar a través da puntuación obtida na valoración dos criterios medio ambientais do proxecto, se desempata en base á puntuación obtida no perfil do/a promotor/a (priorización en base á maior puntuación).
- 5) De persistir o empate, se procedería a discriminar en base ao rexistro de entrada da solicitude de axuda (as presentadas con anterioridade atendendo á data e ao número asignado prevalecerían sobre as rexistradas con posterioridade).



L.5. Limitacións sectoriais GDR14

En investimentos en actividades económicas do sector servizos (talleres, tinturerías, lavanderías, clínicas, tanatorios, asesorías, perruquerías, despachos profesionais e calquera outra actividades asimilada do sector servizos) asociada á xeración dunha actividade económica (proxectos produtivos) so será subvencionable a modernización e ampliación en todo o territorio elixible, mentres que a creación destes servizos so se subvencionará naqueles concellos nos que se demostre que non existe o mesmo servizo a través dun certificado municipal onde conste a inexistencia a efectos do epígrafe do IAE (Imposto de Actividades Económicas). Excepcionalmente, poderase subvencionar a creación dun servizo que aínda que xa exista no concello baixo o mesmo epígrafe de IAE, se demostre a través dun informe municipal dun/ha técnico/técnica competente a necesidade de ampliar a ofertas desta tipoloxía de servizo.

En investimentos no sector comercio polo miúdo serán subvencionables de forma xeral en todo o territorio do GDR 14, a creación de establecementos destinados á venda e promoción de recursos endóxeos (produtos elaborados no territorio do GDR 14), mentres que para o resto do comercio polo miúdo so será subvencionable naqueles espazos onde non se conte coa mesma tipoloxía de comercio (que vendan os mesmos produtos), tomando como referencia para a limitación o nivel parroquial e xustificando a inexistencia deste comercio a través do certificado municipal a efectos do epígrafe do IAE (Imposto de Actividades Económicas). Neste senso, aclaramos que os recursos endóxeos aos que se fai referencia son os seguintes: denominacións de orixe, produtos agroalimentarios e produtos artesanais e culturais do territorio do GDR14. En canto á modernización e ampliación do comercio polo miúdo so se subvencionarán estas actuacións localizadas fora dos cascos urbanos dos concellos, coa excepción daqueles establecementos que se localicen en edificios emblemáticos e / ou tradicionais dos cascos urbanos (pazos, casas grandes, casas indianas, patrimonio industrial e outros edificios patrimoniais catalogados). Quedan excluídos os cascos urbanos de Sanguinela (Mos), Nigrán, San Pedro da Ramallosa (Nigrán), Baiona, Gondomar e Tomiño.

